

# APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA EN GALICIA 2007-2008-2009

*Gran dependencia e Dependencia severa nivel 2.*

TELEFONOS DE ATENCIÓN GRATUITOS: 900 40 60 80

900 333 666

LEI 39/2006 DE 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA. (BOE 15/12/2006)

DECRETO 176/2007 DO 6 DE SETEMBRO, POLO QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA E DO DEREITO ÁS PRESTACIÓNS DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. (DOG 26/9/2007)

A Lei 39/2006 de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, no seu Artigo 1 recolle que o seu obxecto é regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo da cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas e a garantía pola Administración Xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns en calquera parte do territorio do Estado Español.

O artigo 2 da Lei define unha serie de termos entre eles:

- **autonomía:** capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de cómo vivir acorde coas normas e preferencias propias así como de desenrolar as actividades básicas da vida diaria.
- **dependencia:** estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade, e ligadas á falla ou á perda de autonomía física, mental, intelectual o sensorial, precisan da atención doutra ou outras persoas ou axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria ou, no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.
- **actividades básicas da vida diaria (ABVD):** aquelas que permiten á persoa desenvolverse cun mínimo de autonomía e independencia, tales como: o coidado persoal, as actividades domésticas básicas, a mobilidade esencial, recoñecer persoas e obxectos, orientarse, entender e executar ordes ou tarefas sinxelas.

Para regular ditas condicións básicas establece uns dereitos e obrigações xerais así como os requisitos para ser titular destes dereitos. Tamén recolle no seu artigo 7 tres niveis de protección do sistema, establecendo:

- un primeiro nivel mínimo garantido e financiado pola Administración Xeral do Estado;
- un segundo nivel de protección e financiamento a través de convenios entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.
- un terceiro nivel que poderá establecer cada Comunidade Autónoma.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter a natureza de:

- **servizos**, e así se recolle no artigo 15 un catálogo de servizos:
  - \* Servizos de prevención das situacións de dependencia e os de promoción da autonomía persoal.
  - \* Servizo de Teleasistencia.

\* Servizo de Axuda a domicilio:

- Atención das necesidades do fogar.
- Coidados persoais.

\* Servizo de Centro de Día e de Noite:

- Centro de Día para maiores.
- Centro de Día para menores de 65 anos.
- Centro de Día de atención especializada.
- Centro de Noite.

\* Servizo de Atención Residencial:

- Residencia de persoas maiores en situación de dependencia.

➤ **prestacións económicas:**

- \* Prestación económica vinculada ao servizo cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado de atención e coidado en función do grao e nivel de dependencia e da capacidade económica do beneficiario.
- \* Prestación económica para coidados no medio familiar e apoio a coidadores non profesionais, excepcionalmente, e sempre que se dean condicións adecuadas de convivencia e de habitabilidade da vivenda e así se estableza no Programa Individual de Atención do beneficiario. O Real Decreto 615/2007, de 11 de maio, regula a Seguridade Social destes coidadores non profesionais mediante a subscrición dun Convenio Especial a efectos das prestacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de accidente, calquera que sexa o seu carácter, ou de enfermidade, con independencia da súa natureza. A estes coidadores non profesionais se lles facilitará a súa incorporación a programas de formación, información e descanso.
- \* Prestación económica de asistencia persoal para persoas con gran dependencia e para contribuír á contratación dunha asistencia persoal durante un número de horas que facilite ao beneficiario o acceso á educación e ao traballo, así como a unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria.

A intensidade da prestación destes servizos e a contía das prestacións económicas está recollida no RD 727/2007 de 8 de xuño.

O Programa Individual de Atención (PIA) determinará a modalidade de intervención máis axeitada ás necesidades do beneficiario entre os servizos e prestacións económicas previstos na resolución, expedida pola Administración Autonómica, para o seu grao e nivel, tendo en conta tamén a súa situación económica. A intensidade da prestación destes servizos e a contía das prestacións económicas está recollida no RD 727/2007 de 8 de xuño.

Mediante a aplicación dun baremo, acordado no RD 504/2007 de 20 abril, determináanse **tres graos e dous niveis de dependencia** para cada grao que se recollen no artigo 26:

- a) Grao I. Dependencia moderada. Cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria, polo menos unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.
  - 1.- Nivel 1 (25 a 39 puntos).
  - 2.- Nivel 2 (40-49)
- b) Grao II. Dependencia severa. Cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidade de apoio extenso para a súa autonomía persoal.
  - 1.- Nivel 1 (50-64).
  - 2.- Nivel 2 (65-74)
- c) Grao III. Gran dependencia. Cando a persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.
  - 1.- Nivel 1 (75-89).
  - 2.- Nivel 2 (90-100)

Na Disposición Final Primeira establécese o calendario para exercer a lei de forma progresiva e de modo gradual:

- Ano 2007: Grao III. Niveis 1 e 2.
- Anos 2008 e 2009: Grao II. Nivel 2.
- Anos 2010 e 2011: Grao II. Nivel 1.
- Anos 2012 e 2013: Grao I. Nivel 2.
- Anos 2014 e 2015: Grao I. Nivel 1.

Segundo isto para o **ano 2008** poderase solicitar a gran dependencia de grao III, nos dous niveis, e a dependencia severa de grao II do nivel 2.

Correspóndelles ás comunidades autónomas, no marco do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, entre outras, as funcións de planificación, ordenación, coordinación e dirección, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e a xestión dos servizos e recursos necesarios para a valoración e atención á dependencia. Igualmente, a avaliación periódica do funcionamento do sistema no seu respectivo territorio. Por isto a Vicepresidencia da igualdade e do benestar da Xunta de Galicia dispón o **Decreto 176/2007 de 6 de setembro, que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Terán dereito ao recoñecemento da situación de dependencia en Galicia, as persoas que na data da presentación da solicitude reúnan os **requisitos** que se sinalan neste decreto:

- a) Estar en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos.
- b) Para as persoas menores de tres anos, estar en situación de dependencia conforme o disposto na Lei e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.
- c) Ter acreditada residencia en territorio español durante cinco anos, dous dos cales deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Para as persoas menores de cinco anos o período de residencia esixiráselle a quen exerza a súa garda e custodia.
- d) As persoas interesadas que reúnan os requisitos establecidos no punto anterior, deberán, ademais, residir en calquera

municipio da Comunidade Autónoma de Galicia no momento da presentación da solicitude.

- e) As persoas que, reunindo os requisitos anteriores, carezan da nacionalidade española rexeranse polo establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe. Para as persoas menores que carezan da nacionalidade española aplicarase o disposto nas leis do menor vixentes, tanto no ámbito estatal como no autonómico, así como nos tratados internacionais.
- f) As persoas coa condición de emigrantes retornados poderán acceder aos servizos e prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulados na normativa de desenvolvemento da Lei 39/2006, mentres non cumpran o requisito do período de residencia no territorio estatal.

O **procedemento** para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito aos servizos e prestacións económicas que del deriven iniciarase por instancia da persoa que poida estar afectada por algún grao de dependencia, ou de quen a represente, mediante a presentación da correspondente solicitude, que se formulará no modelo normalizado e irá acompañada da seguinte **documentación** :

- a) Documento nacional de identidade da persoa solicitante.
- b) Se é o caso, documento nacional de identidade de quen represente a persoa interesada e documento acreditativo da representación invocada.
- c) Libro de familia naqueles supostos en que a persoa interesada sexa menor de idade.
- d) Certificado de empadramento acreditativo da residencia da persoa solicitante.
- e) Informe do médico/a do Servizo Galego de Saúde ou médico/a doutras administracións públicas que traten habitualmente a persoa solicitante, sobre a súa saúde, no cal se fundamente, desde o punto de vista clínico, a necesidade de axuda para realizar as actividades básicas da vida diaria e, se é o caso, as axudas técnicas, órteses e próteses que lle foron prescritas, conforme o modelo normalizado.
- f) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, sobre o patrimonio ou certificación acreditativa dos datos contidos nelas. En caso de non estar obrigado á súa presentación, certificado de imputacións do IRPF expedido pola delegación da Axencia Tributaria correspondente e certificado de presentación negativo no caso do imposto sobre o patrimonio. Esta información poderá obterse de xeito informático ou telemático polo órgano xestor da Administración tributaria competente logo de autorización dos interesados.
- g) Certificado de pensións que, se é o caso, perciba a persoa solicitante.
- h) Certificado de minusvalidez, se é o caso.
- i) Poderá achegarse, en xeral, calquera outra documentación para a mellor acreditación da situación ou circunstancias sociais que fagan constar na súa solicitude.
- j) Poderá ser requirido de oficio a incorporación ao expediente do informe social do/a traballador/a social dos servizos sociais públicos de referencia da persoa solicitante, conforme a modelo normalizado.

As solicitudes dirixiranse á delegación provincial do departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais correspondente á provincia en que o solicitante teña a súa residencia habitual. As solicitudes pódense entregar nos puntos de información do Sistema Galego de atención á dependencia, nos Servizos Sociais do Concello ou nos Rexistros Xerais da Xunta.

**PROVINCIA DA CORUÑA:**

**COMARCA DA BARCALA**

- Oficina Cogami. Negreira

**COMARCA DA CORUÑA**

- Delegación Provincial da Coruña
  - Monelos (EVO)
  - Concepción Arenal
  - Avda.. do Exército
- Fogar do Maior do Barrio das Frores
- Residencia Torrente Ballester
- Residencia de Oleiros

**COMARCA DE ARZÚA**

- Edificio de Usos Múltiples de Arzúa

**COMARCA DE BERGANTIÑOS**

- Centro Social de Carballo

**COMARCA DE BETANZOS**

- Casa da Xuventude de Betanzos

**COMARCA DE FERROL**

- Centro Social de Fene
- Residencia de Caranza

- Edificio Administrativo da Xunta (EVO)

**COMARCA DE FISTERRA**

- Centro Social de Corcubión

**TERRA DE MEUDE**

- Oficina de Cogami. Melide

**COMARCA DE MUROS**

- Centro Social de Muros

**COMARCA DE NOIA**

- Casa da Xuventude de Noia

**COMARCA DE ORDES**

- Centro Comarcal de Ordes

**COMARCA DE SANTIAGO**

- Residencia Porta do Camiño

**COMARCA DO SAR**

- Oficina Cogami. Padrón

**COMARCA TERRA DE SONEIRA**

- Oficina Cogami. Vimianzo

**COMARCA DE XALLAS**

- Centro Social de Santa .Comba

**COMARCA DA BARBANZA**

- Centro Social de Pobra do Caramiñal

- Casa do Mar de Ribeira

**COMARCA DO EUME**

- Centro Social das Pontes

**COMARCA DE ORTEGAL**

- Residencia de Ortigueira

**PROVINCIA DE LUGO:**

**COMARCA DA MARIÑA CENTRAL**

- Centro Social de Mondoñedo

**COMARCA DA MARIÑA ORIENTAL**

- Centro Social de Ribadeo

**COMARCA DA MARIÑA OCCIDENTAL**

- Casa da Xuventude de Viveiro

- Residencia de Burela

**COMARCA DA TERRA CHÁ**

- Centro Social de Vilalba

**COMARCA DE MEIRA**

- Oficina Comarcal de Meira

**COMARCA DA FONSAGRADA**

- Oficina Comarcal da Fonsagrada

**COMARCA DE LUGO**

- Delegación Provincial
  - Centro Base
  - Fogar dos Pensionistas

**COMARCA DOS ANCARES**

- Fundación Comarcal de Becerreá
- Escola do Medio Rural de Navia de Suarna

**COMARCA DE SARRIA**

- Camp

**COMARCA DE QUIROGA**

- Residencia de Maiores

**COMARCA DA ULLOA**

- Apartamentos Tutulados de Antas de Ulla

**COMARCA DE CHANTADA**

- Casa da Xuventude

**COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS**

- Residencia de Pensionistas

**PROVINCIA DE OURENSE:**

**COMARCA DE OURENSE**

- Delegación Provincial de Ourense
- EVO Ourense
- Fogar do Maior de Ourense
- Centro Social Pontepelamios

**COMARCA DA LAMIA**

- Centro Social de A Limia

**COMARCA DA BAIXA LIMIA**

- Residencia Xeriátrica de Bande

**COMARCA DE CELANOVA**

- Centro Social de Celanova

**COMARCA DE ALLARIZ - MACEDA**

- Centro Social de Maceda

- Centro Social de Allariz

**COMARCA DE VERIN**

- Centro Social de Verin

**COMARCA DE CASTRO CALDELAS**

- Residencia pública

**TERRA DE TRIVES**

- Fundación Comarcal de Trives

**COMARCA DE VIANA DO BOLO**

- Centro Social de Viana do Bolo

**COMARCA DE VALDEORRAS**

- Centro Social de O Barco
- Centro Social de Petín

**COMARCA DO CARBALLIÑO**

- Centro Social de O Carballiño

**COMARCA DO RIBEIRO**

- Centro Social de Rivadavia

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA:**

**COMARCA DO BAIXO MIÑO**

- Centro Social de Tui

**COMARCA DE TABEIRÓS - TERRA DE MONTES**

- Centro Social da Estrada

**COMARCA DO MORRAZO**

- Centro Social de Marín

- Casa do Mar de Moaña

**COMARCA DE CALDAS DE REIS**

- Centro Comarcal da Consellería de Medio Rural en Caldas de Reis

**COMARCA DO CONDADO**

- Oficina Agraria Comarcal de Ponteareas

**COMARCA DA PARADANTA**

- Centro Comarcal da Consellería de Medio Rural na Cañiza

**COMARCA DO SALNÉS**

- Centro Social de Vilagarcía de Arousa
- Centro Social de Vilaxoán

**COMARCA DE VIGO**

- Centro Social de Bouzas
- Centro Social O Calvario
- Centro Social de Coia
- Centro Social R. Atienza
- Centro Social de Teis
- SGAD Delegación Provincial de Vigo
- Fogar para Maiores de Vigo R/ Pi y Margall, 84. 36202-Vigo 986 293 509

- Centro Social de Baiona

- Centro Social do Porriño

- Centro Social de Redondela

**COMARCA DE PONTEVEDRA**

- Fogar para Maiores de Pontevedra R/Alameda, 8. Pontevedra. 986 858 000
- SGAD Oficina local da Vicepresidencia (Estadio da Xuventude)

**COMARCA DO DEZA**

- Casa da Xuventude de Lalín

Unha vez presentada a documentación e completada, se é o caso, remitirase o expediente ao órgano competente para a súa valoración.

Valorarase a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización por persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental. No caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental valoraranse, así mesmo, as necesidades de apoio para facer efectivo un grao satisfactorio de autonomía persoal no seo da comunidade.

Para isto persoal profesional da medicina, psicoloxía e/ou a persoal profesional diplomado en ciencias da saúde ao servizo da Administración autonómica aplicará o **baremo de valoración da dependencia (BVD)** e **da escala de valoración específica (EVE)** para as persoas menores de tres anos, aprobados mediante Real decreto 504/2007, do 20 de abril, así como tamén o informe sobre a saúde da persoa e o informe social.

O órgano de valoración e asesoramento da dependencia poderá efectuar os recoñecementos, entrevistas e demais probas que considere necesarias e sexan pertinentes para avaliar a situación da persoa solicitante. Igualmente, poderá solicitar os informes complementarios ou aclaratorios que considere que conveñen, así como solicitar dos servizos sociais públicos correspondentes, dos servizos técnicos da delegación provincial, dos servizos centrais do departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais, ou de persoal profesional doutros organismos, os informes médicos, psicolóxicos ou sociais pertinentes, cando o contido dos antecedentes que figuran no procedemento ou as especiais circunstancias da persoa interesada así o aconsellen.

Feita a valoración emitirán **ditame-proposta**, que deberá conter necesariamente o diagnóstico, situación, grao e nivel de dependencia así como os cuidados que a persoa poida requirir. Estes cuidados poderán ter a natureza de servizos ou de prestacións económicas. Sendo a prestación de servizos prioritaria e só de non ser posible esta prestación de servizos, procederá o recoñecemento de prestacións económicas.

Establecerá, cando cumpra, en función das circunstancias concorrentes, o prazo máximo en que se deba efectuar a primeira revisión do grao e nivel que se declare.

Este ditame-proposta notificaráselle á persoa interesada ou a quen a represente para que efectúe as alegacións que coide oportunas. Cumprido o trámite de audiencia o ditame-proposta elevarase polo órgano de valoración e asesoramento da dependencia á persoa titular da delegación provincial competente para efectos da correspondente resolución.

A **resolución** de recoñecemento da situación de dependencia determinará:

- O grao e nivel de dependencia da persoa solicitante.
- Os servizos ou prestacións económicas que, se é o caso, correspondan a aquela, con indicación da súa efectividade.
- Cando cumpra, en función das circunstancias concorrentes, o prazo máximo en que se deba efectuar a primeira revisión do grao e nivel que se declare.

A resolución deberá ditarse e notificarse á persoa solicitante ou ás

persoas que a representen no prazo máximo de seis meses, que se computará a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada, sen prexuízo da obriga da Administración de resolver expresamente.

Para que o acceso ao servizo e/ou prestación económica sexa efectivo, será necesaria a aprobación do correspondente Programa Individual de Atención (PIA) no que os servizos sociais de atención primaria e/ou especializada do sistema público do ámbito social e sanitario adecuarán estes, se é o caso, ás necesidades da persoa interesada e ás posibilidades que ofrezca o seu contorno social. A aprobación deste programa deberase producir no prazo máximo de seis meses desde a notificación da citada resolución á persoa interesada. A persoa beneficiaria ou a persoa que a represente terá a posibilidade de elección entre as alternativas propostas.

**Causas de revisión:**

- ❖ O **grao ou nivel** de dependencia poderá ser revisable polas seguintes causas:
  - A existencia de condicións ou circunstancias, debidamente acreditadas, que impliquen unha melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
  - Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.
  - Transcurso do prazo fixado para o efecto na resolución sobre recoñecemento da situación de dependencia.

O procedemento iniciarase por instancia da persoa interesada, de quen a represente ou de oficio pola delegación provincial do departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais, e achegaranse cantos informes ou documentos resulten necesarios para acreditar a causa da revisión.

- ❖ O Programa individual de atención será revisado:
  - Por instancia da persoa interesada ou de quen a represente.
  - De oficio pola delegación provincial do departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais.
  - Como consecuencia do traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Cando, como consecuencia da revisión do grao e nivel de dependencia e/ou da prestación recoñecida, resulte necesario proceder á revisión do Programa individual de atención.
- ❖ Os servizos e prestacións económicas recoñecidos poderán ser modificados ou extinguidos nos seguintes casos:
  - Pola modificación da situación persoal da persoa beneficiaria que afecte as súas circunstancias sociofamiliares e/ou de saúde.
  - Cando se produza unha variación de calquera dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento.
  - Por incumprimento das obrigas reguladas na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e na súa normativa de desenvolvemento.
  - Como consecuencia da revisión do grao e nivel de dependencia e/ou do Programa individual de atención.